

CÁTEDRA INSTITUCIONAL CRUZ ROJA ESPAÑOLA PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DAS PERSOAS MAIORES

CONVOCATORIA DA III EDICIÓN PARA O CURSO 2023/2024 DO PREMIO A TRABALLOS FIN DE GRAO E TRABALLOS FIN DE MÁSTER PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DAS PERSOAS MAIORES

Por acordo do Consello de Goberno do ano 2015 a USC creou a Cátedra Institucional Cruz Roja Española para a Mellora da Calidade de Vida das Persoas Maiores que ten entre os seus obxectivos promover a docencia, a divulgación e a investigación no ámbito do estudo dos coidados e mellora da calidade de vida das persoas maiores e do envellecemento.

Cumprindo cos obxectivos da cátedra, a vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación resolve convocar para o curso 2023/2024 a III Edición do PREMIO A TRABALLOS FIN DE GRAO E TRABALLOS FIN DE MÁSTER PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DAS PERSOAS MAIORES nos seguintes termos:

1. Persoas destinatarias

Poderán presentarse a este premio todos/as os/as estudantes que teñan defendido o Traballo de Fin de Grao ou Traballo de Fin de Máster en Universidades públicas españolas no curso académico 2023/2024 no que se estuden ou analicen aspectos da calidade de vida ou do benestar en persoas adultas maiores (p. ex. saúde, economía, relacións e integración social), e que se defendesen ante unha comisión de avaliación e acadaran unha cualificación mínima de 8 puntos.

É condición inescusable para a aceptación de solicitude ao premio, que o TFG ou TFM non fose premiado con anterioridade en certames de institucións, fundacións ou cátedras nos que se premie a excelencia académica ou investigadora.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

2. Premios

- Un premio de 300.-€ para TFG
- Un premio de 500.-€ para TFM

- Diploma acreditativo de accésit honorífico aos TFG e TFM que acaden a puntuación inmediatamente anterior á obtida polo traballo gañador en cada modalidade.

De haber máis dun traballo gañador o importe do premio repartiríase en partes iguais. No caso de que o xurado considere que ningún dos traballos presentados acadara un nivel axeitado podería declararse deserto.

Os premios financiaranse con cargo á partida orzamentaria da Cátedra nº 5064 4327 22900 para o exercicio 2024.

3. Solicitudes

As solicitudes presentaranse a través do rexistro electrónico da USC mediante o procedemento "solicitud xenérica" e dirixiranse á Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación:

<https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/registroEntrada/acceso.htm>

No asunto deberá indicarse "III Edición do PREMIO A TRABALLOS FIN DE GRAO E TRABALLOS FIN DE MÁSTER PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DAS PERSOAS MAIORES", e acompañarase a solicitude dos seguintes documentos:

- Un exemplar do TFG ou TFM en formato PDF. No caso de que o tamaño supere a capacidade permitida, deberá indicarse un enlace ao repositorio que permita a súa descarga.
- Copia do DNI ou pasaporte (agás estudantes da USC)
- Certificación académica oficial coa cualificación do TFG ou TFM (agás estudantes da USC)
- Un resumo do traballo dun máximo de 1.500 palabras en galego, castelán ou inglés no caso de que o traballo non estea en ningún deses idiomas.
- ANEXO I (inclúe a autorización expresa de someter os traballos a programas antiplaxio (agás defensa do TFG ou TFM na USC); a declaración responsable de que o TFG ou TFM non obtivo ningún premio anteriormente; a declaración responsable de non concorrer con algunha das circunstancias establecidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia)

As persoas que non sexan quen de usar o rexistro electrónico poderán presentar a solicitude e documentación de xeito presencial na oficina de asistencia en materia de rexistros do Campus de Santiago de Compostela (Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela), na oficina de asistencia en materia de rexistros do Campus de Lugo (Biblioteca Intercentros, 27002 Lugo), ou naqueles lugares

establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase unha lista provisoria de solicitantes admitidos/as e excluídos/as.

Os/as aspirantes excluídos/as, disporán dun prazo de **cinco (5) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación lista provisoria no taboleiro electrónico da USC, para poder emendar os defectos que motivaron a exclusión.

Rematado o prazo de presentación de reclamacións publicarase a lista definitiva de solicitantes admitidos/as e excluídos/as.

A participación na convocatoria implica necesariamente a aceptación do que se expón nesta convocatoria.

4. Prazo

O prazo de presentación abrirase ao día seguinte da publicación desta convocatoria no taboleiro electrónico da USC e pecharase o **7 de Outubro de 2024**.

5. Xurado

O xurado do presente premio estará formado polo vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación, o director e o co-director da Cátedra e, se se estima oportuno, dous asesores designados polo director da Cátedra.

O xurado poderá realizar unha análise automatizada de control da vulneración de dereitos da propiedade intelectual, agás os traballos defendidos na USC. A partir desa análise, se o xurado observa que se vulneraron os citados dereitos desestimaré o traballo presentado sen prexuízo da responsabilidade en que se poda incorrer.

➤ Criterios de valoración:

O xurado aplicará os seguintes criterios de valoración:

- Actualidade e orixinalidade do traballo (20%)
- Achega significativa ao coñecemento da materia estudada (30%)
- Calidade da súa metodoloxía (30%)
- Calidades formais dos textos: calidade da redacción, xeito de presentar e estruturar a información e calidade do aparato gráfico, caso de existir (10%)
- Relevancia e actualidade das referencias bibliográficas (10%)

➤ Fallo do xurado:

Ditarase resolución provisional co fallo do xurado a través da correspondente resolución,

e publicarase no taboleiro electrónico da USC.

Os/as aspirantes aos premios disporán dun prazo de **cinco (5) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución para presentar alegacións.

Transcorrido este prazo ditarase resolución definitiva coa concesión dos premios.

A dirección da Cátedra resérvase o dereito a publicar os traballos premiados, previa autorización do autor.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data de sinatura

Gumersindo Feijoo Costa

Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación

(por delegación de competencias, RR. do 21 de abril de 2022, modificada por RR do 26 de setembro de 2023)

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

ANEXO I. DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓN ANTIPLAXIO

CONVOCATORIA DA III EDICIÓN PARA O CURSO 2023/2024 DO PREMIO A TRABALLOS FIN DE GRAO E TRABALLOS FIN DE MÁSTER PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DAS PERSOAS MAIORES

Nome:	DNI:
Correo electrónico:	Teléf.:
Universidade:	
Titulación:	
Título do traballo:	
Titor/a/Director/a:	
Cualificación obtida:	

DECLARACIÓN RESPONSABLE

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que todos os datos reflectidos na solicitude presentada son certos, podendo ser requiridos polo xurado do premio en calquera momento do procedemento para a súa comprobación.
- Que o traballo presentado é orixinal e inédito e non obtivo previamente ningún premio.
- Que non incorro en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 10* da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, que impidan ter a condición de beneficiario/a.

AUTORIZACIÓN PROGRAMAS ANTIPLAXIO

- Autorizo someter o traballo a programas antiplaxio (agás defensa do TFG ou TFM na USC)

E para que conste e para os efectos oportunos, asino este documento en de de 2024.

Sinatura:

* **Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:** Artigo 10.-Requisitos para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora.

1. Poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as persoas ou entidades que se atopen na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas que concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria.

2. Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as persoas ou entidades nas que conorra algunha das circunstancias seguintes, salvo que pola natureza da subvención se exceptúe pola súa normativa reguladora:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme a Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non acharse ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.
- h) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo esta lei ou a Lei xeral tributaria.

Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 8 desta lei cando conorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

3. En ningún caso poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Tampouco poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, en tanto non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

4. As prohibicións contidas nas letras b), d), e), f) e g) do apartado 2 e no apartado 3 deste artigo apreciaranse de forma automática e subsistirán mentres concorran as circunstancias que, en cada caso, as determinen.

5. As prohibicións contidas nas letras a) e h) do apartado 2 deste artigo apreciaranse de forma automática. O alcance da prohibición será o que determine a sentenza ou resolución firme. Na súa falta, o alcance fixarase de acordo co procedemento determinado regulamentariamente, sen que poida exceder de cinco anos no caso de que a prohibición non derive de sentenza firme.

6. A apreciación e o alcance da prohibición contida na letra c) do apartado 2 deste artigo determinarase de acordo co establecido no artigo 21, en relación co artigo 20.c) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.

7. A xustificación por parte das persoas ou entidades de non estar incursos nas prohibicións para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora, sinaladas nos apartados 2 e 3 deste artigo, poderán realizarse mediante testemuño xudicial, certificados telemáticos ou transmisións de datos, de acordo co establecido na normativa correspondente ou mediante certificación administrativa, segundo os casos. O dito documento poderá ser substituído por unha declaración responsable.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: GUMERSINDO FEIJOO COSTA, VICERREITOR DE TRANSFORMACION DIXITAL E INNOVACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 18/03/2024 17:02:04.

CSV: 6B67-B349-46A8-8C44